

Expediente	Solicitante	CIF	Importe (€)
2008/000008-2	Concello de Portomarín	P2704900F	3.369,20
2008/000025-2	Concello da Pastoriza	P2704400G	3.135,00
2008/000016-2	Concello de Begonte	P2700700D	2.710,00
2008/000017-2	Concello de Láncara	P2702600D	500,00
2008/000030-2	Concello de Rábade	P2705600A	883,49
2008/000026-2	Concello de Sober	P2705900E	500,00
2008/000021-2	Concello de Guntín	P2702300A	500,00
2008/000027-2	Concello de Xermade	P2702100E	1.960,00
2008/000001-2	Concello de Bóveda	P2700800B	500,00
2008/000015-2	Concello de Quiroga	P2705000D	500,00
2008/000019-2	Concello de Castro de Rei	P2701000H	500,00
2008/000004-2	Concello de Monterroso	P2703200B	659,91
2008/000007-2	Concello de Ourense	P2703800I	500,00
2008/000010-2	Concello do Páramo	P2704300I	940,95
2008/000018-2	Concello de Abadín	P2700100G	875,00
2008/000020-2	Concello de Cospeito	P2701500G	1.850,27
2008/000023-2	Concello do Saviñao	P2705800G	500,00
2008/000024-2	Concello de Palas de Rei	P2704000E	1.495,00
2008/000011-2	Concello de Pedrafita do Cebreiro	P2704500D	500,00
2008/000014-2	Concello de Ribas de Sil	P2705200J	500,00
2008/000022-2	Concello de Navia de Suarna	P2703400H	500,00
2008/000002-2	Concello do Incio	P2702400I	500,00
2008/000012-2	Concello do Corgo	P2701400J	500,00
2008/000028-2	Concello da Pontenova	P2704800H	500,00

**Provincia de Ourense**

2008/000008-3	Concello de Ribadavia	P3207000E	11.200,00
2008/000035-3	Concello de Castrelo de Miño	P3202300D	5.334,00
2008/000017-3	Concello da Bola	P3201500J	6.000,00
2008/000028-3	Concello da Peroxa	P3206000F	5.250,00
2008/000030-3	Concello de Allariz	P3200200H	3.150,00
2008/000043-3	Concello de Maceda	P3204400J	5.959,35
2008/000048-3	Concello de Rairiz de Veiga	P3206800I	5.123,30
2008/000033-3	Concello de Barbadás	P3200900C	2.322,75
2008/000010-3	Concello de Baños de Molgas	P3200800E	1.020,00
2008/000011-3	Concello de Muíños	P3205200C	2.689,50
2008/000015-3	Concello de Parada de Sil	P3205800J	2.750,00
2008/000021-3	Concello de San Xoán de Río	P3207100C	1.500,00
2008/000022-3	Concello de Vilamarín	P3208800G	986,00
2008/000025-3	Concello de Vilar de Barrio	P3209000C	1.960,00
2008/000029-3	Concello da Veiga	P3208400F	1.050,00
2008/000036-3	Concello de Cenlle	P3202600G	1.543,50
2008/000037-3	Concello de Cortegada	P3202800C	2.177,00
2008/000040-3	Concello de Esgos	P3203200E	2.000,00
2008/000042-3	Concello de Leiro	P3204100F	2.250,00
2008/000044-3	Concello de Monterrei	P3205100E	1.980,00
2008/000045-3	Concello de Nogueira de Ramuín	P3205300A	1.713,36
2008/000055-3	Concello de Vilar de Santos	P3209100A	1.750,00
2008/000038-3	Concello de Cualedro	P3202900A	1.622,50
2008/000002-3	C. de San Cibrao das Viñas	P3207600B	1.756,25
2008/000005-3	Concello de Beade	P3201100I	1.600,00
2008/000006-3	Concello de Arnoia	P3200400D	1.625,00
2008/000019-3	Concello de Amoeiro	P3200300F	1.497,38
2008/000031-3	Concello de Baltar	P3200600I	1.506,50
2008/000020-3	Concello de Oímbra	P3205400I	550,25
2008/000003-3	Concello de Laza	P3204000H	900,00
2008/000004-3	Concello do Pereiro de Aguiar	P3205900H	651,51
2008/000007-3	Concello de Cartelle	P3202100H	667,50
2008/000009-3	Concello da Gudiña	P3203500H	1.001,00
2008/000013-3	Concello de Riós	P3207200A	964,29
2008/000014-3	Concello de Piñor	P3206200B	970,00
2008/000016-3	Concello de Maside	P3204600E	1.212,50
2008/000018-3	Concello de Boborás	P3201400C	576,30
2008/000026-3	Concello de Melón	P3204700C	941,00
2008/000034-3	Concello de Carballeda de Avia	P3201900B	509,15
2008/000039-3	Concello de Entrimo	P3203100G	650,00
2008/000041-3	Concello de Gomezensede	P3203400A	620,00
2008/000046-3	Concello de Padrenda	P3205700B	820,00
2008/000047-3	Concello de Porqueira	P3206300J	617,50

Expediente	Solicitante	CIF	Importe (€)
2008/000051-3	Concello de Sarreaus	P3207900F	895,00
2008/000052-3	Concello de Taboadela	P3208000D	750,00
2008/000056-3	Concello de Vilarinho	P3209300G	730,00
2008/000001-3	Concello da Teixeira	P3208100B	500,00
2008/000032-3	Concello de Bande	P3200700G	845,05
2008/000027-3	C. de Quintela de Leirado	P3206700A	577,50
2008/000049-3	Concello de Ramirás	P3206900G	953,13
2008/000050-3	Concello de Rubiá	P3207400G	690,00
2008/000053-3	Concello de Trasmiras	P3208300H	500,00
2008/000054-3	Concello de Vereá	P3208500C	493,50
2008/000012-3	Concello de Larouco	P3203900J	908,86

**Provincia de Pontevedra**

2008/000009-4	Concello da Illa de Arousa	P8600004I	5.600,00
2008/000010-4	Concello de Cotobade	P3601200C	593,77
2008/000011-4	Concello de Caldas de Reis	P3600500G	8.000,00
2008/000005-5	Concello da Cañiza	P3600900I	1.483,69
2008/000001-4	Concello de Cuntis	P3601500F	3.675,00
2008/000004-4	Concello de Valga	P3605600J	3.201,00
2008/000006-4	Concello de Rodeiro	P3604700I	753,45
2008/000003-5	Concello das Neves	P3603400G	663,95
2008/000004-5	Concello de Salceda de Caselas	P3604900E	3.142,81
2008/000001-5	Concello de Arbo	P3600100F	556,22
2008/000005-4	Concello de Vila de Cruces	P3605900D	825,00
2008/000007-4	Concello da Lama	P3602500E	3.196,88
2008/000002-5	Concello do Rosal	P3604800G	955,00
2008/000008-4	Concello de Forcarei	P3601800J	2.288,45

**CONSELLERÍA DE TRABALLO**

*Orde do 13 de novembro de 2008 pola que se fai pública a ampliación do importe existente para a concesión de subvencións para o financiamento de plans de formación intersectoriais dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas, mediante a subscrición de convenios de ámbito autonómico, convocadas pola Orde do 6 de outubro de 2008.*

A Orde do 6 de outubro de 2008 (DOG nº 197, do 10 de outubro), establece na súa disposición adicional segunda que se poderán efectuar resolucións complementarias no caso de que haxa incrementos das cantidades asignadas á comunidade autónoma, que deberán provir de incorporacións, ampliacións, remanentes ou xeracións de crédito.

En consecuencia, como existen outras dotacións que poden ser utilizadas para os mesmos fins, cómpre ampliar o importe dos créditos destinados ás axudas que poderán ser concedidas ao abeiro da referida Orde do 6 de outubro de 2008, coa finalidade de facer chegar estas ao maior número de beneficiarios posibles.

Por todo o exposto e no uso das facultades que me foron conferidas

**DISPOÑO:**

Artigo único

Primeiro.-Amplíase o importe total das axudas que se van conceder ao abeiro da Orde do 6 de outubro de 2008, nas seguintes contías e aplicacións orzamenta-

rias, que figuran dotadas nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008:

16.03.323B.481.0 por importe de 1.500.000 euros, código proxecto 200700656.

Segundo.-Esta modificación non afecta o prazo establecido na referida orde para a presentación de solicitudes.

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2008.

Ricardo Jacinto Varela Sánchez  
Conselleiro de Traballo

*Orde do 13 de novembro de 2008 pola que se fai pública a ampliación do importe existente para a concesión de subvencións para o financiamento de plans de formación sectoriais dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas, mediante a subscripción de convenios de ámbito autonómico, convocadas pola Orde do 24 de outubro de 2008.*

A Orde do 24 de outubro de 2008 (DOG nº 211, do 30 de outubro), establece na súa disposición adicional segunda que se poderán efectuar resolucións complementarias no caso de que haxa incrementos das cantidades asignadas á comunidade autónoma, que deberán provir de de incorporacións, ampliacións, remanentes ou xeracións de crédito.

En consecuencia, como existen outras dotacións que poden ser utilizadas para os mesmos fins, cómpre ampliar o importe dos créditos destinados ás axudas que poderán ser concedidas ao abeiro da referida Orde do 24 de outubro de 2008, coa finalidade de facer chegar estas ao maior número de beneficiarios posibles.

Por todo o exposto e no uso das facultades que me foron conferidas

#### DISPOÑO:

##### Artigo único

Primeiro.-Amplíase o importe total das axudas que se van conceder ao abeiro da Orde do 24 de outubro de 2008, nas seguintes contías e aplicacións orzamentarias, que figuran dotadas nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008:

16.03.323B.481.0 por importe de 197.581,11 euros, código proxecto 200700656.

16.03.323B.481.0 por importe de 1.926.418,89 euros, código proxecto 200400519.

Segundo.-Esta modificación non afecta o prazo establecido na referida orde para a presentación de solicitudes.

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2008.

Ricardo Jacinto Varela Sánchez  
Conselleiro de Traballo

## INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

*Resolución do 13 de novembro de 2008 pola que se fai pública a ampliación do límite de crédito dispoñible para o exercicio 2009 para as bases reguladoras das axudas do Instituto Galego de Promoción Económica para o apoio financeiro aos investimentos das pequenas e medianas empresas de Galicia financiados con fondos do Instituto de Crédito Oficial (ICO) ao abeiro das liñas ICO 2008, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica e as entidades financeiras.*

O Consello de Dirección do Igape na súa xuntanza do 8 de febreiro de 2008, acordou por unanimidade dos seus membros asistentes a aprobación das bases reguladoras das axudas do Igape para o apoio financeiro aos investimentos das pequenas e medianas empresas de Galicia financiados con fondos do Instituto de Crédito Oficial (ICO) ao abeiro das liñas ICO 2008, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e as entidades financeiras.

Mediante Resolución do 15 de abril de 2008 (DOG nº 76, do 21 de abril), procedeuse á publicación das ditas bases e do crédito orzamentario asignado, establecéndose no seu artigo 19 que este crédito podería ser ampliado polo Igape á vista das solicitudes presentadas, do cal se daría a correspondente publicidade no *Diario Oficial de Galicia*.

Debido a que un elevado número de solicitudes presentadas supera a contía e o prazo previstos inicialmente, semella oportuno incrementar o importe aprobado para as axudas para o apoio financeiro aos investimentos das Pemes de Galicia, tratando deste xeito de dar resposta á ampla demanda de axuda.

O artigo 1.1.1. da Orde do 11 de febreiro de 1998 (DOG nº 34, do 19 de febreiro), sobre tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 (DOG nº 231, do 29 de novembro) e pola Orde do 25 de outubro de 2001 (DOG nº 209, do 29 de outubro), establece que os expedientes de gasto relativos a subvencións poderán iniciarse sempre que as necesidades que se teñan que satisfacer poidan ser razoablemente previstas anticipadamente no exercicio inmediatamente anterior aos dos orzamentos con cargo aos que se vaian imputar os correspondentes gastos, aínda cando a súa execución se realice nunha ou en varias anualidades; no primeiro caso, sempre que exista crédito axeitado e suficiente no proxecto dos orzamentos xerais da comunidade autónoma aprobado polo Consello da Xunta de Galicia que corresponda ao exercicio orzamentario no que se vaia materializar a contraprestación.

Consta no proxecto de orzamentos da comunidade autónoma para o exercicio 2009 crédito suficiente e